



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio  
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277  
[www.concellopoio.gal](http://www.concellopoio.gal)

**CONCELLO DE POIO**  
(Pontevedra)

(cpc/Secretaría)

D.<sup>a</sup> Paula Ramos Díaz secretaria xeral do Concello de Poio,

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria supletoria realizada o vinte e cinco de setembro de dous mil dezanove, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“17883.-CONTRATACIÓN.-EXPTE.: 102/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "MANTEMENTO DE CALDERERÍA MUNICIPAL".**-Dáse conta do expediente tramitado e da proposta emitida pola Alcaldía o 17 de setembro de 2019 na que se di o seguinte:

“[...] De conformidade coa Providencia da Alcaldía de data 02 de setembro de 2019 no procedemento arriba indicado fórmase o correspondente expediente para a contratación do servizo de realización das actuacións de mantemento e revisión das caldeiras instaladas en distintos inmobles de titularidade municipal, ao que se xunta a seguinte documentación:

- Prego de cláusulas administrativas para a contratación por procedemento aberto simplificado tramitación abreviada.
- Prego de prescricións técnicas asinado polo técnico municipal.
- Informe de insuficiencia de medios.
- Informes emitidos pola Intervención Municipal e Secretaria Xeral en aplicación do disposto na Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Documento de retención de crédito operación número 2019 22004058.

En virtude do anterior elévase á Xunta de Goberno Local aos efectos de adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Prestar aprobación aos correspondentes pregos e ao expediente de contratación para a prestación do servizo de realización das actuacións de mantemento e revisión das caldeiras instaladas en distintos inmobles de titularidade municipal en aplicación do disposto no Real decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas nos edificios e Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, segundo establece a normativa en vigor.

**Segundo:** Dispoñer á apertura do procedemento de contratación por procedemento abreviado simplificado segundo o disposto no artigo 159.6 LCSP do “Servizo de Calderería Municipal” por un período de dous anos, prorrogable por anualidades ata un máximo de 4 anos, con un presuposto base de licitación de 8.852,86 € á baixa dos que 1.536,44 € se corresponden ao Ive, con cargo aos orzamentos municipais dos anos 2019 e seguintes, condicionado á correspondente habilitación de crédito necesario e suficiente para os seguintes exercicios.[...]”.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos catro membros presentes sendo seis o seu número total de membros, en exercicio das atribucións



delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2019, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro), **acorda** prestar aprobación nos seus propios termos á proposta da Alcaldía e así:

**Primeiro:** Prestar aprobación aos correspondentes pregos e ao expediente de contratación para a prestación do servizo de realización das actuacións de mantemento e revisión das caldeiras instaladas en distintos inmobles de titularidade municipal en aplicación do disposto no Real decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas nos edificios e Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, segundo establece a normativa en vigor.

**Segundo:** Dispoñer á apertura do procedemento de contratación por procedemento abreviado simplificado segundo o disposto no artigo 159.6 LCSP do “Servizo de Calderería Municipal” por un período de dous anos, prorrogable por anualidades ata un máximo de 4 anos, con un presuposto base de licitación de 8.852,86€ á baixa dos que 1.536,44€ corresponden ao Ive, con cargo aos orzamentos municipais dos anos 2019 e seguintes, condicionado á correspondente habilitación de crédito necesario e suficiente para os seguintes exercicios.”.

E para que conste expide a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvidade do art. 206 do ROF e RXEL, de 28 de novembro de 1986.

***Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe***

